

1. CARACTERÍSTICAS DO PROTOCOLO DE DIABETES MELLITUS CON MONITORIZACIÓN DE GLUCOSA

1.1. Criterios de inclusión

Criterios xerais

- Pacientes que aceptaron a inclusión no programa despois de ter sido informados. A aceptación debe quedar rexistrada.
- Accesibilidade aos recursos tecnolóxicos necesarios. É preciso que o paciente dispoña dun teléfono móbil e de ordenador (PC)/tablet con conexión a Internet.
- Pacientes con coñecemento (aínda que sexa básico) das ferramentas necesarias para a telemonitorización, ou ben que teñan un coidador que poida darlles o soporte preciso para a súa utilización e para rexistrar/transmitir a información.

Criterios específicos

Pacientes diagnosticados de diabetes mellitus tipo 1 e 2 que cumpran criterios de uso de dispositivo de monitorización continua de glicosa.

Pacientes que precisan insulina de forma crónica non diabetes mellitus tipo 1 nin tipo 2 que cumpran criterios de uso de dispositivo de monitorización continua de glicosa.

Criterios de inclusión de dispositivos, sensor de monitorización de glucosa:

- **ABBOTT Sistema FreeStyle Libre 2:** Pacientes con diabetes maiores de 18 anos que realicen terapia intensiva con insulina (requiren insulina en terapia bolo-basal ou bomba de insulina), e requiran realizar polo menos seis puncións dixitais ao día para a automonitorización da glicosa en sangue.
- **ABBOTT Sistema FreeStyle Libre 3:** Pacientes con diabetes menores de 18 anos e persoas con necesidades especiais/dependentes (que requiran a axuda dun coidador para o control metabólico) que realicen terapia intensiva con insulina (requiren insulina en terapia bolo-basal ou bomba de insulina), e requiran realizar polo menos seis puncións dixitais ao día para a automonitorización da glicosa en sangue.

Criterios de retirada do dispositivo:

- Non se continuará indicando o sistema de monitorización de glicosa cando se produza algunha das seguintes circunstancias:
- O/A paciente non utiliza o sistema polo menos o 70% do tempo.
- A taxa de ocorrencia de hipoglicemias graves e/ou outras complicacións graves superen a taxado ano previo ao comezo do uso do dispositivo.
- Se produzan reaccións cutáneas asociadas ao adhesivo do sensor ou outros efectos adversos causados polo dispositivo.
- O/A paciente segue utilizando un número de tiras reactivas de glicemia capilar similar ao que viña usando antes de facilitarlle o sensor.
- A solicitude do/da paciente.
- En caso de retirarse a pauta de tratamento con múltiples doses de insulina.
- Falta de adhesión ás recomendacións do equipo asistencial.

1.2. Variables e controis

NOME	UNIDADES	RANGO	CONTROL
Gllicosa promedio	mg/dL		
Coeficiente de variación	%	$\geq 36 \%$	Amarelo
Tempo en uso do sensor	%	$\geq 70 \%$ y $< 85 \%$	Amarelo
		$< 70 \%$	Vermello
Días de uso do sensor	días		
Porcentaxe de datos capturados	%		
Tempo en hipoglucemia < 54 mg/dL	%	$> 1 \%$	Vermello
Tempo en hipoglucemia < 70 mg/dL	%	$> 4 \%$	Amarelo
Tempo en hiperglucemia > 180 mg/dL	%	$> 25 \%$	Amarelo
Tempo en hiperglucemia > 250 mg/dL	%	$> 5 \%$	Vermello
Tempo en rango	%	$< 70 \%$	Amarelo
Número promedio de escaneos			
Número controis glicosa diarios			
Número de eventos hipoglucémicos			
Número de eventos hiperglucémicos			
GMI	%	$\geq 7 \%$	Amarelo

1.3. Prazos

Prazo de resposta do profesional
No caso de que haxa algún parámetro fóra do rango de referencia, é importante que o profesional sanitario realice actuacións ao respecto nun prazo razoable:
Control amarelo: -Prazo máximo de resposta do profesional: 7 días
Control vermello: -Prazo máximo de resposta do profesional: 3 días
O profesional explicarlle ó paciente que a inclusión nun protocolo de teleseguimento non substitúe o contacto co sistema sanitario en atencións urxentes . Ante calquera situación que requira atención urxente o paciente deberá xestionalo pola vía de atención á urxencia: 061, Urgencias Hospitalarias, PAC, Centro de saúde .
Duración da prescrición de teleseguimento
A duración por defecto será a data de prescrición + 5 anos, pero o prescriptor poderá modificar a data se así o considera.

1.4. Información para pacientes con diabetes mellitus

Información para pacientes sobre a diabetes mellitus	A través da plataforma É-Saúde do Servizo Galego de Saúde (https://esaude.sergas.es), pódese acceder a diferentes servizos e contidos de saúde, entre os que se atopa a información sobre a diabetes mellitus: https://esaude.sergas.es/EPACI_epaciente/#/search?q=diabetes&t=0.
O exceso de peso e a obesidade	Na páxina web Xente con Vida da Consellería de Sanidade, pódese atopar información sobre o sobrepeso e a obesidade, a través da seguinte dirección: http://xenteconvida.sergas.es/Paginas/Articulo/cat/1/art/24/o-exceso-de-peso-e-a-obesidade.
Obradoiro sobre como recoñecer e tratar a hipoglicemia	A través da páxina web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, na seguinte dirección: http://escolasaude.sergas.es/Docs/EGSPC/pilula/Hipoglucemia/index.html#lc_es_p1, pódese acceder a un obradoiro dirixido a pacientes, sobre como recoñecer e tratar a hipoglicemia.